



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xaneiro 2023

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xaneiro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en xaneiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 3,6%, menos que no conxunto de España, 7,1%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 2,4% e medran no Resto de produtos un 10,8%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 10,9% en Galicia no mes de xaneiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 14,3%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,3% en Galicia e do 0,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en doce comunidades autónomas.

| Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xaneiro 2023                          |                                |        |                |                   |
|---|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|
| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes |                                | Índice | Variacións (%) |                   |
|   |                                |        | Interanual     | No que vai de ano |
|   | Xeral                          | 105,4  | 3,6            | 3,6               |
| 3,7   | Xeral sen estacións de servizo | 107,5  | 3,7            | 3,7               |
| -1,4  | Alimentación                   | 87,3   | -2,4           | -2,4              |
| 5,1   | Resto                          | 127,0  | 10,8           | 10,8              |

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes


O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,6% en Galicia en xaneiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 7,1% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 3,7% en Galicia e un 7,6% en España respecto a xaneiro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 2,4% en Galicia e un 0,8% no conxunto de España.
- O Resto de produtos crece un 10,8% en Galicia e un 17,0% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,6%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (13,3%) e Illes Balears (12,2%).

Os menores incrementos rexístranse en Murcia (1,2%) e Navarra (2,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xaneiro 2023

Taxas de variación en %






## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 10,9% en Galicia no mes de xaneiro de 2023, e un 14,3% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 10,7% en Galicia e do 14,6% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 12,2% e no Resto de produtos un 9,7%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 13,6% das vendas en Alimentación e do 15,3% no Resto de produtos.

## Índices de comercio polo miúdo. Xaneiro 2023

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice                         | Variacións (%) |                   |
|---|--------------------------------|----------------|-------------------|
|   |                                | Interanual     | No que vai de ano |
|   | Xeral                          | 126,5          | 10,9              |
|  10,7    | Xeral sen estacións de servizo | 127,6          | 10,7              |
|  4,7     | Alimentación                   | 113,4          | 12,2              |
|  6,0     | Resto                          | 138,2          | 9,7               |

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,3% no mes de xaneiro en Galicia e do 0,8% no conxunto do Estado.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xaneiro en doce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias e Extremadura (ambas 3,0%).

A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é Asturias (-3,3%).

## Índice xeral de ocupación. Xaneiro 2023

Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xaneiro 2023

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                   | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) |                   |
|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|-------------------|----------------|-------------------|
|                                |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO |                   | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>Galicia</b>                 |        |                |                   |                   |                |                   |
| Xeral                          | 126,5  | 10,9           | 10,9              | 105,4             | 3,6            | 3,6               |
| Xeral sen estacións de servizo | 127,6  | 10,7           | 10,7              | 107,5             | 3,7            | 3,7               |
| Alimentación                   | 113,4  | 12,2           | 12,2              | 87,3              | -2,4           | -2,4              |
| Resto                          | 138,2  | 9,7            | 9,7               | 127,0             | 10,8           | 10,8              |
| <b>España</b>                  |        |                |                   |                   |                |                   |
| Xeral                          | 129,8  | 14,3           | 14,3              | 108,5             | 7,1            | 7,1               |
| Xeral sen estacións de servizo | 129,7  | 14,6           | 14,6              | 109,9             | 7,6            | 7,6               |
| Alimentación                   | 123,1  | 13,6           | 13,6              | 95,1              | -0,8           | -0,8              |
| Resto                          | 134,6  | 15,3           | 15,3              | 124,9             | 17,0           | 17,0              |

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xaneiro 2023

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                   | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) |                   |
|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|-------------------|----------------|-------------------|
|                                |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO |                   | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>Galicia</b>                 |        |                |                   |                   |                |                   |
| Xeral                          | 130,3  | 11,0           | 11,0              | 106,4             | 3,6            | 3,6               |
| Xeral sen estacións de servizo | 129,4  | 10,8           | 10,8              | 106,0             | 3,6            | 3,6               |
| Alimentación                   | 123,9  | 12,8           | 12,8              | 95,9              | -1,7           | -1,7              |
| Resto                          | 132,6  | 9,8            | 9,8               | 117,7             | 11,0           | 11,0              |
| <b>España</b>                  |        |                |                   |                   |                |                   |
| Xeral                          | 132,0  | 12,8           | 12,8              | 108,6             | 5,5            | 5,5               |
| Xeral sen estacións de servizo | 131,3  | 13,6           | 13,6              | 109,6             | 6,3            | 6,3               |
| Alimentación                   | 130,7  | 11,8           | 11,8              | 101,7             | -1,7           | -1,7              |
| Resto                          | 127,9  | 13,4           | 13,4              | 117,8             | 15,0           | 15,0              |

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xaneiro 2023

|                      | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                      | ÍNDICE<br>DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) |                      |
|----------------------|--------|----------------|----------------------|----------------------|----------------|----------------------|
|                      |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI<br>DE ANO |                      | INTERANUAL     | NO QUE VAI<br>DE ANO |
| ESPAÑA               | 129,8  | 14,3           | 14,3                 | 108,5                | 7,1            | 7,1                  |
| Andalucía            | 125,3  | 14,0           | 14,0                 | 105,5                | 6,7            | 6,7                  |
| Aragón               | 123,2  | 12,6           | 12,6                 | 102,6                | 5,7            | 5,7                  |
| Asturias             | 122,4  | 11,2           | 11,2                 | 102,9                | 3,6            | 3,6                  |
| Balears, Illes       | 116,8  | 18,8           | 18,8                 | 98,3                 | 12,2           | 12,2                 |
| Canarias             | 138,2  | 21,3           | 21,3                 | 116,3                | 13,3           | 13,3                 |
| Cantabria            | 124,8  | 12,5           | 12,5                 | 103,5                | 5,4            | 5,4                  |
| Castilla y León      | 118,5  | 11,5           | 11,5                 | 97,4                 | 3,7            | 3,7                  |
| Castilla-La Mancha   | 126,9  | 11,6           | 11,6                 | 103,9                | 3,5            | 3,5                  |
| Cataluña             | 119,5  | 14,1           | 14,1                 | 99,0                 | 7,3            | 7,3                  |
| Comunitat Valenciana | 130,1  | 16,3           | 16,3                 | 110,5                | 9,7            | 9,7                  |
| Extremadura          | 114,8  | 15,4           | 15,4                 | 96,4                 | 7,7            | 7,7                  |
| GALICIA              | 126,5  | 10,9           | 10,9                 | 105,4                | 3,6            | 3,6                  |
| Madrid               | 160,3  | 15,0           | 15,0                 | 134,7                | 7,9            | 7,9                  |
| Murcia, Región de    | 120,6  | 8,8            | 8,8                  | 101,3                | 1,2            | 1,2                  |
| Navarra              | 120,7  | 10,2           | 10,2                 | 99,0                 | 2,1            | 2,1                  |
| País Vasco           | 126,2  | 12,8           | 12,8                 | 104,9                | 5,9            | 5,9                  |
| Rioja, La            | 128,9  | 12,6           | 12,6                 | 107,5                | 5,8            | 5,8                  |
| Ceuta                | 104,1  | 16,4           | 16,4                 | 87,4                 | 7,6            | 7,6                  |
| Melilla              | 96,2   | 12,2           | 12,2                 | 80,0                 | 4,1            | 4,1                  |

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xaneiro 2023

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                      |
|--------------------------------|--------|----------------|----------------------|
|                                |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI<br>DE ANO |
| Galicia                        |        |                |                      |
| Xeral                          | 106,3  | 1,3            | 1,3                  |
| Xeral sen estacións de servizo | 106,0  | 1,2            | 1,2                  |
| España                         |        |                |                      |
| Xeral                          | 104,9  | 0,8            | 0,8                  |
| Xeral sen estacións de servizo | 104,9  | 0,8            | 0,8                  |

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Xaneiro 2023

|                      | ÍNDICE | VARIACIONES (%) |                   |
|----------------------|--------|-----------------|-------------------|
|                      |        | INTERANUAL      | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA               | 104,9  | 0,8             | 0,8               |
| Andalucía            | 102,0  | 0,6             | 0,6               |
| Aragón               | 104,5  | -0,8            | -0,8              |
| Asturias             | 100,7  | -3,3            | -3,3              |
| Balears, Illes       | 105,8  | 2,8             | 2,8               |
| Canarias             | 107,2  | 3,0             | 3,0               |
| Cantabria            | 102,0  | -0,4            | -0,4              |
| Castilla y León      | 105,4  | 0,3             | 0,3               |
| Castilla-La Mancha   | 104,9  | 2,7             | 2,7               |
| Cataluña             | 103,5  | 0,9             | 0,9               |
| Comunitat Valenciana | 110,8  | 1,3             | 1,3               |
| Extremadura          | 106,1  | 3,0             | 3,0               |
| GALICIA              | 106,3  | 1,3             | 1,3               |
| Madrid               | 105,1  | -0,4            | -0,4              |
| Murcia               | 102,7  | -0,8            | -0,8              |
| Navarra              | 103,1  | 0,2             | 0,2               |
| País Vasco           | 106,9  | 2,1             | 2,1               |
| Rioja, La            | 107,2  | 1,8             | 1,8               |
| Ceuta                | 99,5   | -0,8            | -0,8              |
| Melilla              | 101,3  | 0,7             | 0,7               |

Fonte: IVE